



2010



## Tribunal Galego de Defensa da **Competencia**



2010



Memoria de Actividades 2010

**TRIBUNAL GALEGO DE  
DEFENSA DA COMPETENCIA**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES  
2010**

**Santiago de Compostela**



## ÍNDICE

<b>1. PRESENTACIÓN</b> .....	5
<b>2. OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA</b> .....	9
<b>3. O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA</b> .....	11
3.1. Membros do TGDC.....	12
3.2. Presuposto do TGDC.....	12
3.3. Reunións do Pleno do TGDC .....	13
<b>4. FUNCIÓNS DO TGDC E O CONTEXTO DE CRISE E OPORTUNIDADES</b> .....	15
4.1. Funcións .....	15
<b>5. PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC</b> .....	21
<b>6. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO TGDC NO ANO 2010</b> .....	23
6.1. Resolución de expedientes .....	25
6.2. Realización de informes e funcións consultivas .....	27
6.3. Estímulo á actuación de oficio do SGDC.....	28
6.4. Coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia .....	29
6.5. Promoción do coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia .....	30
6.6. Ampliación e fortalecemento das relacións institucionais do TGDC.....	46
<b>7. OBXECTIVOS DO TGDC PARA O ANO 2011</b> .....	51
<b>ANEXO: Resolucións adoptadas polo TGDC en 2010</b> .....	53



## 1. PRESENTACIÓN

Ao día seguinte da publicación da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do *Consello Galego da Competencia* no Diario Oficial de Galicia entrou en vigor o novo marco institucional da defensa e promoción da competencia en Galicia.

A súa aprobación, derogou a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que, no seu artigo 3.3.j), establecía que o Tribunal Galego de Defensa da Competencias (en adiante, “TGDC” ou “Tribunal”) tiña a obriga de elaborar unha memoria anual e, o seu presidente, a de comparecer anualmente ante a Comisión 3ª do Parlamento Galego, encargada dos asuntos de Economía, Facenda e Orzamentos, para presentala, antes do 30 de xuño de cada ano, para dar “conta das actividades do tribunal no exercicio anterior e dos seus obxectivos para o seguinte” [artigo 6.1.f)].

No período comprendido entre a aprobación da Lei 6/2004, do 12 de xullo e a data de entrada en funcionamento do *Consello Galego da Competencia*, o TGDC elaborou e presentou periódicamente no Parlamento Galego as súas Memorias de Actividades e os Informes sobre a situación da competencia en Galicia correspondentes aos anos 2005, 2006, 2007 2008 e 2009.

O cambio normativo non impide que, aínda que de xeito un pouco mais reducido do que viña sendo habitual, se elabore a memoria de Actividades do TGDC correspondente a 2010. Do mesmo xeito, preséntase tamén, incorporado á memoria, o informe sobre a situación da competencia en Galicia correspondente ao ano 2010.

Dende un punto de vista estritamente formal, pode que non estea en vigor a obriga de presentar a Memoria de Actividades do TGDC correspondente ao 2010. Sen embargo, a súa elaboración, e necesaria para pechar de forma coherente a súa existencia e analizar a incidencia da súa actividade na sociedade galega, pouco acostumada á competencia e os

seus rigores, pero tamén as súas indudables vantaxas. Por iso, ademais, se incorpora un balance global dos seis anos de existencia do Tribunal.

No próximo ano se modificará totalmente a estrutura e o formato da Memoria para adaptala a nova natureza e, tamén, a nova mentalidade imperante no Consello Galego da Competencia. Sen embargo, entendemos que por respecto ao importante traballo realizado polo Tribunal, a memoria correspondente ao ano 2010 tiña que facerse da mesma forma na que este organismo presentou as súas memorias dende a súa creación.

Os avatares lexislativos provocan unha situación atípica na que un organismo, o Consello Galego da Competencia ten que eleborar e presentar a memoria de actividades doutro organismo xa desaparecido. Lonxe de representar un problema, este feito é unha forma de expresar a continuidade das institucións públicas, neste caso co obxectivo común de garantir e defender a competencia efectiva no mercado galego.

O Consello Galego nace así sobre os fundamentos e o traballo desenvolvidos polo TGDC e mailo SGDC nos seus anos de existencia, que constitúen unha rica experiencia da que debe deixarse constancia. O Tribunal e o Servicio Galego da competencia desempeñaron un papel importante que non se debe esquecer, nin moito menos desaproveitar.

A presente Memoria–Balance de Actividades foi aprobada polo Pleno do Consello Galego da Competencia na súa sesión do 31 de maio de 2011.

## Membros do Pleno do TGDC.

Presidente:

D. José Antonio Varela González.  
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro/Decreto 105/2010, de 1 de xullo).

D. Francisco Hernández Rodríguez.  
(Decreto 106/2010, do 1 de xullo).

Vogais:

D. Alfonso Vez Pazos (Vogal).  
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

D. Fernando Varela Carid (Vogal).  
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Actúa como Secretario:

D. José Antonio Rodríguez Miguez.  
(Con data de 7 de abril de 2005, o Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia acordou nomear secretario do Pleno ao secretario xeral do TGDC).





## 2. OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Como xa se resaltou nas anteriores Memorias do TGDC, Galicia presenta a singularidade de ser a primeira Comunidade Autónoma que desenvolveu por lei tanto a creación dos órganos de defensa da competencia como a súa regulación básica.

O modelo galego, seguindo o esquema existente nese momento na Administración Xeral do Estado no marco da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, deseñou un modelo con dous órganos: o Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC) e o Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC). Tras ela, outras Comunidades Autónomas optaron pola mesma solución, como o País Vasco, Valencia, Aragón. Cataluña, que inicialmente tamén optara por tal modelo institucional, recentemente adoptou, mediante lei, o modelo de autoridade única.

O TGDC foi creado en 2004, como un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias<sup>1</sup>. Pola súa banda, o SGDC foi integrado na estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda, con rango de subdirección xeral, dependente da Secretaría Xeral e do Patrimonio, aínda ue con posterioridade se lle agregaron funcións adicionais.

A introdución do modelo de órgano único adoptado pola Comisión Nacional da Competencia (CNC), anticipado pola Comunidade de Madrid e a Axencia da Competencia de Andalucía<sup>2</sup>, ten, entre outras vantaxes, a de transmitir unha imaxe máis clara de independencia, xa que desvincula o

---

<sup>1</sup> Artigo 1.1. da Lei 6/2004, do 12 de xullo.

<sup>2</sup> O modelo de Autoridade única foi obxecto de análise nun estudo previo, elaborado polo Instituto de Dereito Industrial da Universidade de Santiago de Compostela (IDIUS), como a fórmula máis axeitada, aínda que finalmente, optouse pola homologación co modelo que naquel entón tiña a Administración Xeral do Estado.

órgano instructor da autoridade administrativa, ao tempo permite un mellor e máis eficiente aproveitamento dos recursos dispoñibles, especialmente en tempos de crise nos que a sociedade reclama a redución do gasto público. O modelo da CNC supón, no marco institucional español, a opción pola fórmula que atribúe maior autonomía e independencia institucional posible á institución, por estar configurada como organismo público dos previstos na Disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (LOFAXE)<sup>3</sup>.

A oportunidade de homoxeneizar os sistemas de defensa da competencia autonómicos para aproximalos ao modelo da Administración Xeral do Estado, unida ás vantaxas que desde o punto de vista da coordinación e da eficiencia supón a integración nun mesmo órgano as funcións de instrucción e resolución, e a necesidade de concretar a asignación das novas funcións recoñecidas ás Autoridades autonómicas da competencia pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) levo a aprobación da nova Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do *Consello Galego da Competencia*, que toma o relevo do TGDC e o SGDC.

---

<sup>3</sup> Deste xeito, a CNC dótase da mesma autonomía funcional que a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), o Consello de Seguridade Nuclear (CSN) ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).

### 3. O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, configura ao TGDC como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias. O TGDC está integrado organicamente polo Pleno, formado por tres membros: o presidente e dous vogais, coa condición de altos cargos. Trátase dun órgano colexiado ao que asiste un secretario.

A xestión básica do Tribunal corresponde ao presidente, asistido polo secretario xeral e o resto do persoal administrativo do mesmo. O secretario xeral do TGDC desenvolve tamén, por acordo do Pleno, a función de secretario do Pleno.

O presidente e os vogais do TGDC foron nomeados polo Consello da Xunta de Galicia. O seu nomeamento ten unha duración de cinco anos, renovable unha soa vez. O presidente e os vogais exercen as súas funcións con dedicación absoluta.

Trala aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para a elección do presidente, o Consello da Xunta de Galicia porá en coñecemento do Parlamento de Galicia, con carácter previo, o nome da persoa proposta, co fin de que poida dispor a súa comparecencia ante a comisión correspondente da Cámara<sup>4</sup>.

Este foi o procedemento seguido para o relevo ao fronte do TGDC do seu primeiro presidente, D. José Antonio Varela González, por D. Francisco Hernández Rodríguez, nomeado por Decreto 106/2010, do 1 de xullo.

---

<sup>4</sup> Artigo 16, da Lei 4/2006.

### 3.1. Membros do TGDC

Ademáis dos tres membros do Pleno, que teñen a consideración de altos cargos, o cadro de persoal do TGDC estaba dotado cun total de 5 prazas; un secretario xeral (Grupo A), que actúa tamén como secretario do Pleno; dous secretarios (Grupo C1), para o presidente e os vogais; un habilitado (Grupo C1); e un ordenanza (Grupo AP). En relación a outros organismos semellantes bótase en falta a existencia de técnicos especializados en defensa da competencia, tanto na área xurídica como na económica.

Táboa 1. Evolución do persoal do TGDC 2005–2010

Ano	Altos cargos	Persoal funcionario
2005	3	1
2006	3	5
2007	3	5
2008	3	5
2009	3	3 <sup>5</sup>
2010	3	5

### 3.2. Orzamento do TGDC

Para o desenvolvemento do conxunto de actividades realizadas, o TGDC dispuxo inicialmente no ano 2010 dun orzamento de 716.042,78 €. O capítulo 1 (gastos de persoal) ascendeu a 456.171,78 €; o capítulo 2 (gastos en bens correntes e servizos), a 224.237,00 €; o capítulo IV (transferencias correntes), víuse reducido a 17.434 €, e o capítulo 6 (investimentos reais), ascendeu a 18.200,00 €.

---

<sup>5</sup> A redución temporal do persoal en activo débuse a vicisitudes propias da vida administrativa, como o nomeamento para outros postos.

Táboa 2. Evolución do orzamento 2005-2010

<b>ANO</b>	<b>Capítulo I</b>	<b>Capítulo II</b>	<b>Capítulo IV</b>	<b>Capítulo VI</b>	<b>TOTAL</b>
<b>2005</b>	426.075	300.000	--	90.000	816.075
<b>2006</b>	437.077	336.000	30.000	90.000	893.077
<b>2007</b>	446.447	341.248	30.000	90.000	907.695
<b>2008</b>	464.850	348.673	30.000	91.800	935.323
<b>2009</b>	470.745	316.595	27.240	83.354	897.934
<b>2010</b>	456.171,78	224.237	17.434	18.200	716.042,78

### 3.3. Reunións do Pleno do TGDC

Durante o ano 2010, o Pleno do TGDC celebrou 18 reunións formais, nas que os seus membros adoptaron colexidamente as decisións relativas as súas competencias, e se delibeoru sobre as cuestións de ineterese que poderían mellora o panorama competitivo de Galicia.

Táboa 3. Evolución do número de reunións do Pleno 2005-2010

<b>ANO</b>	<b>Nº Plenos</b>
<b>2005</b>	18
<b>2006</b>	21
<b>2007</b>	24
<b>2008</b>	20
<b>2009</b>	18
<b>2010</b>	18



## 4. FUNCIONES DO TGDC NUN CONTEXTO DE CRISE E OPORTUNIDADES

### 4.1. Funcións

As funcións do TGDC aparecen descritas no artigo 3 da Lei 6/2004, e complementáanse coas que se recollen no artigo 1 do Decreto 20/2005, de 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004. De acordo ao disposto en ámbalas dúas normas, as funcións do TGDC poden dividirse en tres grandes grupos:

- Función resolutoria e sancionadora.
- Función consultiva e de arbitraje.
- Función de promoción e difusión dos méritos da competencia (*Advocacy*).

Asemade, e en virtude do disposto no parágrafo final do artigo 3.4 da Lei 6/2004, ao Tribunal correspóndelle “asumir todas aquelas competencias que lle atribúa a lexislación aplicable en materia de defensa da competencia” que, no noso caso, é a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

A Lei 15/2007 incorpora novas funcións aos órganos autonómicos de defensa da competencia, algunhas xa recoñecidas na lei galega, como as relativas aos informes en materia de grandes establecementos comerciais ou ao arbitraje. Aínda que moitas das novas funcións poden ser asumidas directamente polo TGDC, outras fan aconsellable a reforma da actual lexislación autonómica e mesmo do modelo institucional, no sentido de dispor dun esquema de autoridade única semellante ao da Administración xeral do Estado. Tal é o caso da facultade recollida no artigo 13.2 LDC, no que se establece que :

*“2. Sen prexuízo das competencias da Comisión Nacional da Competencia, os órganos competentes das comunidades autónomas*



*están lexitimados para impugnar ante a xurisdición competente actos das administracións públicas autonómicas ou locais do seu territorio suxeitos ao dereito administrativo e disposicións xerais de rango inferior á lei dos cales deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.”*

A reforma da actual lexislación autonómica, e mesmo do modelo institucional, no sentido de dispor dun esquema de autoridade única semellante ao da Administración xeral do Estado,, faise efectiva coa aprobación da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

Anova norma reforza a coordinación e atribúea o órgano único un importante abano de funcións, que se atribúen aos seus órganos: O Pleno, e a Subdirección de Investigación.:

- a) A posta en marcha do sistema de clemencia.
- b) As novas competencias sobre impugnación de actos das Administracións Públicas e normas con rango inferior a lei, pola CNC e mais polos órganos autonómicos.
- c) As competencias que se derivan desa interpretación e reparto das mesmas entre órganos de instrución e de resolución.
- d) A actuación de oficio que se pretenda levar adiante polos órganos autonómicos de defensa da competencia.
- e) A realización de informes sobre as axudas públicas concedidas nos territorios respectivos das Comunidades Autónomas.

#### **4.1.1 Función resolutoria e sancionadora**

O TGDC ten como primeira función resolver os procedementos sancionadores que afecten ás condutas contrarias á competencia que se

contemplan na LDC nos seus artigos 1, 2 e 3, sempre que teñan efectos soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As condutas contrarias á competencia consideradas son: (a) acordos colusorios; (b) abuso de posición dominante; e (c) falseamento da libre competencia por actos desleais con afectación ao interese público.

#### ***4.1.2. Funcións consultivas e de arbitraje***

Segundo se recolle no punto 3 do artigo 3 da Lei 6/2004, de 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o TGDC ten as seguintes competencias consultivas, de emisión de informes e de arbitraje:

a. Emitir informe, preceptivamente, sobre os proxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, ese texto legal, así como os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.

b. Emitir informe nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando así o solicite o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado.

c. Enviar ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado a información que este lle solicite no marco do procedemento de control de concentracións regulado na Lei de defensa da competencia.

d. Solicitar comparecer como parte interesada nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando o proxecto ou a operación afecte a empresas radicadas ou con establecementos abertos no territorio da Comunidade galega.

e. Emitir, por requirimento do Servizo de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado, o informe preceptivo, non vinculante, en relación con aquelas condutas que, afectando un ámbito supraautonómico ou ó conxunto do mercado español, incidan de forma significativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

f. Emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

g. Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis.

h. Elaborar informe, por pedimento do órgano xudicial competente, sobre eventuais indemnizacións de danos e perdas derivadas das condutas previstas nos artigos 1, 2 e 3 LDC, cando os procedementos que teñan por obxecto tales condutas prohibidas lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

i. Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia, sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado e á Comisión Europea. Para estes efectos, o concepto de axuda pública é o que define o artigo 19.2 da Lei de defensa da competencia.

É evidente, que algunha destas funcións deben reinteprtarse á luz da nova Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da competencia, o que fai a Lei 1/2011, do 28 de febreiro, que concreta a asignación das citadas función no *Consello Galego da Competencia*.

### ***4.1.3. Funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia***

As funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia son das máis importantes a realizar polas autoridades autonómicas de defensa da competencia. En boa medida porque existe un gran descoñecemento sobre a importancia da competencia, tanto nos operadores económicos, como mesmo nas Administracións Públicas.

Para potenciar a actividade do TGDC na promoción da competencia, xa o artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia<sup>6</sup>, elaborado coa propia participación do TGDC que mandara as súas observacións ao anteproxecto, incorpora a posibilidade de que o TGDC realice tres funcións de promoción.

A primeira é a comunicación ao SGDC de todas aquelas actividades das que teña coñecemento que poidan dar lugar á instrución dun expediente por condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004. Esta función está orientada a impulsar o labor de oficio do SGDC, ao darlle conta de posibles condutas anticompetitivas das que o TGDC poida ter noticia.

Resulta evidente que a convivencia nun mesmo organismo, o Consello Galego da Competencia, vai permitir intensificar esta función, así como o feito de que o órgano dedicado á instrución (a Subdirección de Investigación) teña a mesma como función exclusiva.

A segunda fai referencia á realización de estudos sectoriais dende a perspectiva da competencia. A promoción destes estudos, dos que o TGDC ten realizado dende a súa creación máis de trinta, permite coñecer o funcionamento dos diferentes mercados, así como examinar as estruturas dos mesmos e a conduta dos operadores, sempre co obxectivo de contribuír á mellora da competencia efectiva nos memos. Estes estudos,

---

<sup>6</sup> DOG nº. 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639.

ademais, permiten dar a coñecer la propia existencia dos órganos galegos de competencia e aumentar a súa visibilidade social.

Terceira, a difusión na sociedade dos beneficios que comporta a libre competencia. Esta función impón en certa medida ao TGDC unha actividade proactiva orientada a transmitir aos operadores económicos e á sociedade en xeral a importancia real de dispor de mercados competitivos, especialmente en tempos de crise e destrución de emprego, onde a innovación e a creación de novas empresas resultan indispensables para a recuperación económica.

Estas funcións, que se ven notablemente potenciadas no marco da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, e da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello galego da Competencia, contribúen dun xeito esencial a trasladar á sociedade, aos operadores económico se mesmo ás Administracións Públicas a razón de seu da protección da competencia e a importancia de dispor de organos especializados neste ámbito.

No novo marco normativo da competencia en Galicia vai resulta especialmente importante a labor de consulta que a Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, lle atribúe e a realización de informes, dende a perspectiva da competencia, dos proxectos normativos, para tratar de reducir os posibles obstáculos á competencia que teñan a súa orixe na propia actuación das Administracións Públicas.

## 5. PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC

Unha das primeiras tarefas que asumíu o TGDC como prioritaria desde o momento mesmo da súa creación foi a de identificar e poñer por escrito os seus principios guía. Estes principios trasladan á sociedade o compromiso dos seus membros coa importante tarefa encomendada.

Por esta razón, dende a constitución do TGDC, os seus membros comparten e asumen un conxunto de principios guía, que invariablemente veñen orientando a súa actividade. A experiencia do TGDC nestes anos de actividade reafirma a importancia de establecer uns principios reitores e asumilos por parte de todos os membros da organización para afianzar o seu cumprimento. Estes principios-guía son os seguintes:

- a. Actuación independente.
- b. Excelencia profesional.
- c. Transparencia.
- d. Respecto dos principios éticos que deben guiar a actuación dos servidores públicos.
- e. Atención ao público coa máxima cortesía e rapidez.
- f. Traballo en equipo.
- g. Cooperación con outros organismos da Administración.

Como se pode ver estes principios son ou poden ser comúns a moitas organizacións, especialmente no sector público, que teñen como misión principal a defensa do interese xeral<sup>7</sup>. Para o TGDC estes principios guía supoñen un un compromiso coa sociedade galega, asumido coa meta de contribuir á mellora do benestar dos seus cidadáns.

No punto relativo á transparencia débense salientar, como xa se indicou nas anteriores memorias, as particularidades do TGDC, que ten o deber de garantir a confidencialidade da información contida nos expedientes. Neste sentido o artigo 21 da Lei 6/2004, de 12 de xullo, sinala que todas as persoas que tomen parte na tramitación dos expedientes previstos nesa lei están obrigadas a gardaren segredo. Este aspecto singular do TGDC debe ser subliñado dun xeito especial.

---

<sup>7</sup> O Artigo 103.1 da Constitución Española de 1978 establece que “*A Administración Pública sirve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito*”.

## 6. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO TGDC NO ANO 2010

Para o ano 2010 o TGDC fixara como obxectivos da institución os seguintes:

1. Resolver dun xeito adecuado e rápido os expedientes relativos a condutas anticompetitivas que teñan entrada no Tribunal.
2. Estimular a actuación de oficio do SGDC, en base á idea de que algunhas das prácticas ilícitas que ocorren nos mercados non son denunciadas.
3. Axustar a institución a nova estrutura deseñada polo Anteprojecto de lei do Consello Galego da Competencia, cando o citado proxecto sexa aprobado como lei.
4. Realizar puntualmente os informes que lle correspondan ou lle sexan solicitados.
5. Potenciar a realización de informes sobre proxectos normativos na liña de promover a competencia efectiva nos mercados.
6. Iniciar a análise da normativa existentes cara a identificación de restricións á competencia efectiva nos mercados. .
7. Iniciar o proceso tendente á elaboración dun informe sobre axudas públicas en Galicia.
8. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de cinco estudos e avaliacións.
9. Promover o coñecemento dos axentes económicos, e da cidadanía en xeral, dos beneficios da libre competencia.
10. Manter e mesmo fortalecer as relacións institucionais do TGDC tanto no ámbito galego como en outras áreas que podan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e cos demais tribunais autonómicos.
11. Elaborar en tempo a memoria anual e o informe sobre a situación da competencia en Galicia, e remitilos ao Parlamento.



As actividades do TGDC no ano 2010 estiveron orientadas a acadar o cumprimento destes obxectivos. No desenvolvemento das mesmas o TGDC asumiu, cando lle foi posible, unha actitude proactiva.

## 6.1. Resolución de expedientes

O primeiro obxectivo do TGDC para o 2010 era o de dar resolución axeitada e rápida aos expedientes relativos a condutas dos operadores económicos que tiveran entrada no Tribunal.

O modelo de dúas autoridades –Tribunal e Servizo– que establecía a Lei 6/2004, do 12 de xullo, encomendaba a instrución dos expedientes ao SGDC e a resolución ao TGDC. Este reparto de funcións implicaba que, necesariamente, só cheguasen ao TGDC os expedientes tras ser instruídos polo Servizo, en virtude de denuncia ou de oficio, mesmo a instancia do TGDC. Os escasos medios do SGDC fixeron esta opción case que imposible.

O SGDC pode propoñer ao TGDC o arquivo do expediente, que debe ser confirmado, no seu caso polo mesmo, ou acordar a incoación do correspondente expediente sancionador que, unha vez intruído, se elevará, coa correspondente proposta ao Tribunal para que dicte resolución.

A falta de capacidade para instar investigacións de oficio fai que o TGDC non poda asumir un papel proactivo na defensa da competencia, circunstancia que sí acontece nos órganos de estrutura única, no que é posible impulsar o labor de investigación do órgano chamado a instruír, mesmo a través de investigacións dos sectores nos que exista sospeita de condutas contrarias á competencia.

No ano 2010 tiveron entrada no SGDC 16 expedientes.

Táboa 4. Expedientes instruídos polo SGDC.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Denuncias e oficio	2	11	11	23	12	16
Autorizacións singulares de rexistros de morosos	0	8	– a	– a	– a	– a
Autorizacións singulares non de rexistros de morosos	0	1	– b	– b	– b	– b

<sup>a</sup> Dende 2006 réxense pola súa propia exención de categorías en virtude do Real Decreto 602/2006, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade.

<sup>b</sup> A nova LDC eliminou a necesidade de solicitar autorizacións singulares.

Para a resolución dos expedientes, a Lei galega non contempla regras de procedemento, polo que son de aplicación as recollidas na lexislación estatal. Dado o cambio acontecido na normativa estatal, cómpre atender, en primeiro lugar, ao dereito transitorio, para determinar que norma resulta aplicable a cada un dos expedientes: a Lei 16/1989 ou a nova Lei 15/2007.

### ***6.1. Expedientes resoltos polo TGDC no 2010***

Coa aludida excepción do recurso tramitado ao abeiro da Lei 16/1989, do 17 de xullo, durante o ano 2009 o TGDC dictou practicamente todas as súas resolucións ao abeiro da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, polo que, como se ten dito, pode considerarse xa concluída a vixencia transitoria da anterior Lei 16/1989, do 17 de xullo.

#### **A. Expedientes sancionadores**

No 2010, e trala correspondente instrución polo SGDC, o TGDC ditou dúas resolucións en expedientes sancionadores. Concretamente:

- S 6/2009. Clube Marítimo de Oza. Resolución de no apreciar existencia de infracción de data 30 de decembro de 2010.
- S 7/2010: Recoñecementos médicos–Spicotécnicos. Resolución do TGDC do 4 de xuño de 2010.

## **B. Resolución sobre propostas de non iniciar expediente dirixidas polo SGDC.**

No ano 2010, o Pleno do TGDC resolveu os seguintes expedientes desta clase:

- RA 24/2009: “Hostalaría de Santiago de Compostela 2”. Resolto mediante resolución do Pleno do TGDC de data 25 de marzo de 2010.
- RA 26/2009: Gimnasio de Ferrolterra. Resolución de arquivo do 4 de xaneiro de 2010.
- RA 27/2010: Prácticas Autoescolas de Vigo. Resolución confirmando o arquivo de data 119 de novembro de 2010.
- RA 28/2010: Textiles de Ferrol. Resolución de 21 de abril de 2010.
- RA 29/2010: Pan de Ourense. Resolución de 3 de maio de 2010.
- RA 30/2010: Entidades Financeiras. Resolución do 28 de setembro de 2010.
- RA 31/2010: Tarxetas de taxista. Resolución do 28 de maio de 2010.
- RA 32/2010: Taller autorizado Resolución do 21 de setembro de 2010.
- RA 33/2010: Receita Electrónica Resolución do 7 de outubro de 2010.
- RA 34/2010: Avogados Vigo . Resolución do 10 de agosto de 2010.

- RA 35/2010: Roupa Infantil en Ourense. Resolución do 13 de outubro de 2010.

## 6.2. Realización de informes e funcións consultivas

O segundo dos obxectivos fixados polo TGDC para 2010 tiña que ver co cumprimento das funcións que lle foron asignadas en materia consultiva e de emisión de informes.

Nesta materia o TGDC ten facultades moi limitadas e só pode actuar de xeito reactivo, e non proactivo; é dicir, o TGDC emite os informes ou exerce a súa función consultiva como órgano especializado na materia da competencia, cando así lle é requirido, sendo a petición facultativa. Consecuentemente, a amplitude desta tarefa é moi dependente do enfoque asumido pola Secretaría Xeral e do Patrimonio nos procesos de elaboración de disposicións de carácter xeral.

No ano 2010, o TGDC foi requirido para que emitise dous informes sobre proxectos normativo se uns obre grandes establecementos comerciais:

Informes sobre proxectos normativos:

- Anteprojecto de Lei Reguladora do Consello Galego da Competencia. Informe 20/2010, elaborado con data 25 de xuño de 2010.
- Anteprojecto de Lei de Comercio Interior de Galicia. Informe 21/2010, elaborado con data 30 de xullo de 2010.

Informes sobre grandes establecementos comerciais:

- GEC 29/2010: PRIMARK TIENDAS, S.L.U. Concello da Coruña. Informe emitido con data 8 de xuño de 2010

Táboa 5. Informes realizados polo TGDC

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Informes sobre proxectos normativos	3	3	15	3	0	2
Informes sobre instalación de grandes establecementos comerciais	8 <sup>8</sup>	3 <sup>9</sup>	10	6	0	1

### 6.3. Estímulo da actuación de oficio do SGDC

Ao abeiro da previsión contida no artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, e para dar axeitado cumprimento ao cuarto dos seus obxectivos, o TGDC tratou de estimular a actuación de oficio do SGDC, dentro do escrupuloso respecto á división de funcións establecida legalmente, dando conta ao SGDC de diversas noticias de prensa relativas a condutas potencialmente relacionadas coas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004.

Neste ámbito, ademais, a nova Lei 15/2007, no seu artigo 34, punto 3, recolle entre as funcións do Consello da CNC, a de “Promover a instrución de expedientes por parte da Dirección de Investigación”, o que *mutatis mutandis*, atribúe ao Pleno do TGDC idéntica facultade, respecto do SGDC, en aplicación da Disposición adicional oitava da citada norma.

Como consecuencia do anterior, O TGDC, no seu Pleno nº 117, celebrado o 29 de setembro de 2010 acordou Instar ao Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC) a que iniciase unha información reservada sobre a posible existencia de prácticas anticompetitivas no sector lácteo

---

<sup>8</sup> No 2005 tiveron entrada 9 expedientes, dos que se resolveron no mesmo ano 8.

<sup>9</sup> En 2006 resolveuse o expediente GEC 9/2006, que tivo a súa entrada en 2005.

que terían como resultado o reparto do mercado da recollida do leite en Galicia.

#### **6.4. Coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia**

O TGDC fixou como obxectivo para o ano 2010: “f. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de cinco estudos e avaliacións”.

Nos diversos debates que se mantiveron no TGDC para seleccionar os temas de estudo tomouse como referencia o Estudo 8/2007 El: *Procedemento seguido polo TGDC na selección dos estudos a realizar sobre a competencia en Galicia.*

Os estudos que se realizan clasifícanse coas referencia “EI”, cando son elaborados directamente polo TGDC, e “EE”, cando son elaborados por investigadores ou consultores externos ao propio TGDC. O recurso a estes especialistas deriva do feito de que o Tribunal non dispón dos medios técnicos e persoais necesarios para abordar a totalidade dos temas de interese.

Para a realización dos estudos externos, malia tratarse de “contratos menores” pola súa contía, o TGDC convoca procedementos de licitación pública abertos, a través da súa páxina web, da publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e mesmo de comunicacións individualizadas ás empresas do sector.

Neste marco, no 2010, o TGDC impulsou ou elaborou os seguintes estudos:

- Estudo 31/2010 El. Estudo das percepcións sobre a competencia dos responsables de establecementos comerciais galegos no ano 2009.

- Estudo 32/2010 EE. Estudo sobre o sector da distribución de perfumería e cosmética en Galicia dende o punto de vista da competencia.

A difusión dos estudos do TGDC realízase a través da súa remisión aos órganos da Administración Autónoma galega competentes nas respectivas materias e aos portavoces dos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia, cumprindo o compromiso asumido polo presidente do TGDC na súa primeira comparecencia anual. Ademais, todos os estudos se difunden na súa páxina web institucional e a través da Rede Española de Autoridades da Competencia.

O acceso á páxina web do Tribunal permite coñecer a situación dos sectores analizados aos operadores económicos e ao público en xeral, contribuíndo a difundir os valores da competencia. O TGDC tamén remite os estudos realizados a persoas e institucións potencialmente interesadas dentro e fora das Administracións públicas galegas.

## **6.5. Promoción do coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia**

A promoción dos valores da competencia é un dos campos no que o TGDC ven realizando dende 2005 un maior esforzo, incrementando e diversificando as súas actividades co obxecto de achegarse aos diferentes tipos de operadores económicos e aos consumidores en xeral.

O período transcorrido dende a entrada en vigor da Lei 6/2004, do 12 do xullo, e moi especialmente dende a creación dos órganos autonómicos de defensa da competencia nela deseñados amosa evidencias claras da necesidade de transmitir á sociedade galega os valores da competencia e os beneficios que dende o punto de vista dos operadores económicos, e mesmo dos consumidores, se poden derivar do funcionamento competitivo dos mercados. Por este motivo, o TGDC asumiu

